



# CAMPAÑA DE ESCAVACIÓN E RESTAURACIÓN NO CASTRO DE VILADONGA DO ANO 2018

---

Miguel Ángel López Marcos,

Yolanda Álvarez González, Luís Fco. López González

---

A intervención realizada no castro de Viladonga no ano 2018<sup>1</sup> ten como principal obxectivo a conservación dos restos do xacemento que é BIC dende o ano 2009.

Nas últimas intervencións realizadas dende o ano 2006 achégase unha nova metodoloxía de intervención que se ocupa en primeiro lugar da reescavación e da valoración arqueolóxica a partir dun grupo de especialistas arqueólogos que posteriormente e baseándose nos resultados destas informacións, levan a cabo os traballos de consolidación, restauración e acondicionamento de espazos, a cargo dun equipo de especialistas implicados en todo o proceso. A intervención dun equipo interdisciplinar é necesaria para manter o equilibrio entre as diferentes disciplinas sen perder de vista que o importante é a investigación da que depende despois a divulgación dos resultados. Este obxectivo ten que realizarse sen perder de vista as necesidades de conservación que parten da diagnose dos restauradores. O aspecto final dos restos do xacemento é importante, xa que é o que permite ós visitantes interpretar correctamente a información transmitida polos arqueólogos.

A campaña do ano 2018-2019 centrouse en dous espazos principais de características moi diferentes ás dos barrios intervidos nos dous últimos anos. Principalmente afectaban por unha parte a gabiasondaxe aberta nos anos 80 no exterior da croa, co propósito de caracterizar e restituír os elementos defensivos, e por outra banda os elementos sitos ó

NE da croa, onde se tiñan atopado algunhas estruturas pouco correntes e pendentes de definir neste sector, como eran a gran estancia alongada, e a estrutura que claramente se define como alxibe. Estas zonas de intervención implicaban certas variables que se descoñecían *a priori* e que obrigaron a modificar algunhas das propostas iniciais.

Paralelo ós traballos nas zonas principais de actuación, levouse a cabo o acondicionamento de varios sectores. Na zona AE5 implicou o acondicionamento da parte superior da muralla, cunha superficie de actuación de máis de 100 metros lineais, de cara a mellorar o paso pola zona da muralla así como a mellorar a rampla de acceso oeste. Na zona AE3, no camiño da entrada á croa, retirouse a grava existente e colocouse un novo pavimento máis acorde cos restos arqueolóxicos.

A continuación describiremos os principais traballos realizados nesta campaña.

---

<sup>1</sup> Escavación promovida e financiada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través dos Fondos Feder.



Fig. 1. Vista xeral do castro coas zonas intervidas nos anos 2016 e 2017 coloreadas.  
En amarelo e vermello indícanse os sectores implicados na actuación desta campaña do ano 2018.

### Os sectores S1, S2 e S3. Os elementos defensivos

Este sector exterior foi escavado nos anos 80 baixo a dirección de Felipe Arias nas campañas que continuaron o labor de Chamoso Lamas (iniciadas en 1971). En 1989 realizouse unha gran gabiá ou corte transversal ás murallas e fosos do lado leste partindo desde o interior da mesma croa, co fin de comprobar a estrutura e disposición do sistema defensivo do castro.

As valoracións que se obtiveron nesta actuación móstranse nos escritos descritivos realizados por Felipe Arias:

“A muralla principal, polo menos neste lado Leste (sic), ten un paramento pétreo polo seu interior, pero é unha enorme morea de terra e pedra pola cara exterior; terra e pedra presumiblemente extraída do

primeiro gran foso que ten ó seu pé e que está (coma o segundo), escavado e picado no penedo pizarroso do monte. Este sistema defensivo revélase como particular deste lado do Castro, moi probablemente polo menor desnivel natural do terreo que aquí existe en comparanza coas zonas Norte e Oeste (sic), defendidas cun só parapeito a continuación da muralla principal e do antecastro; de igual xeito, podemos falar dun sistema variable, coa conxunción e complementación de murallas, fosos, un “bastión” semicircular e un espazo habitable intermedio (¿a xeito de “corpo de garda”?) na entrada Leste, etc.

Documentáronse nesta área Leste alomenos dous niveis anteriores á construción daquel sistema defensivo. Un deles está pouco definido e mal localizado, sobre o mesmo penedo natural, e asóciase a algunha cerámica común castrexa, escouras e fragmentos de ferro e anacos de “palla-barro”

---

(probablemente do revestimento dos teitos de palla ou colmo). O outro parece ser un claro nivel “de obra”, contemporáneo da erección das defensas e do propio Castro tal como hoxe o entendemos.

Poderíase engadir que a especificidade do material aparecido fóra da croa ven dada pola presenza exclusiva de cerámica de tradición castrexa e dalgúns elementos ligados ó traballo dos metais (ferro e bronce). Esta especificidade debe obedecer, máis cá unha anterioridade no tempo, a unha diferenciación ou especialización do grupo e/ou do traballo que se localiza nesta parte do Castro, mentres dentro da croa (pero na mesma zanja ou corte) os materiais de filiación galaico-romana, como tégulas ou unha fíbula en omega, xa eran frecuentes. É dicir, en calquera caso aqueles niveis de ocupación defínense como moi seguidos no tempo e mal tipificados, e non chegan a alterar a idea primordial dun asentamento castrexo importante en época tardía que é o que segue caracterizando Viladonga” (Memoria do ano 1989).

Despois desta primeira intervención realizáronse neste sector rozas para o seu mantemento pero o paso do tempo e as deposicións de terras cara á sondaxe provocaron o mal estado xeral dos restos exhumados no ano 1989. Por este motivo nesta campaña planeouse limpar, reconstruír o parapeto e volver reperfilar os cortes para mellorar o estado de conservación de todo o sector exterior.



Fig. 2. Sector exterior. Fase de roza e limpeza dos restos da zona exterior.

Despois da roza comezou o acondicionamento dos perfís para eliminar o problema da deposición de terra. O perfil fíxose cunha lixeira inclinación cara ó interior o que permite unha mellor conservación, xa que desta forma as deposicións de terra son menores. Así mesmo, retiráronse os sedimentos e recheos caídos nos fosos, produto do paso do tempo. Unha vez definidas as estruturas procedeuse á documentación e ó rexistro arqueolóxico dos elementos conservados e dos perfís. No que respecta ós materiais, apenas se documentaron algunhas cerámicas de xeito puntual e pouco significativas.

As estruturas atopadas durante a escavación da segunda muralla son as máis espectaculares, pois ofrecen uns resultados que veñen completar a información do ano 1989. Por un lado reflicten a existencia de dúas fases construtivas e, por outra banda, a limpeza e posta en valor permite visualizar a complexa trama de muros, accesos, escaleiras, torreóns, etc., espazos únicos no contexto castrexo do noroeste que antes quedaban agochados. Os fosos descubertos son parte da topografía e arquitectura defensiva do xacemento e, en consecuencia, quedaron visibles e visitables despois da súa escavación e limpeza.



Fig. 3. Vista do primeiro e segundo parapetos antes e despois da intervención.

Os traballos en S1 e S3 foron complicados xa que o acceso para encher os parapetos foi dificultoso, de xeito que a actuación se fixo principalmente de forma manual. En calquera caso, realizáronse os recheos

na muralla principal, no parapeto oeste da S2 e no parapeto oeste da S3.

Na primeira muralla ou defensa (S1) repúxose o terreo, de xeito que o aspecto do parapeto é agora similar ó orixinal. A zona escavada ó pé da cara interior da muralla, despois da súa limpeza, cubriuse tamén con deposición de terra para evitar o aspecto de zona sobre-escavada que tiña ata agora e mellorar a comprensión dos visitantes. Constatouse a práctica desaparición dun pequeno muro tardío de apenas unha ou dúas fiadas que atravesaba en sentido NO-SL os perfís O e S do sector S1.

Polo lado leste, o muro do segundo parapeto cae cara ó segundo foso varios metros, facendo un profundo corte en forma de "U". A cara interior deste parapeto leste constrúese a favor de fachada de xeito moi coidadoso, a base de sucesivos chanzos que se ven no tramo acondicionado de case 9 metros.



Fig. 4. Sector 3. Segundo parapeto e segundo foso antes e despois da intervención.

Nesta zona S2, ademais de fosos e parapetos, aparece o grande espazo pertencente ó corpo de garda, xa definido na súa escavación, e os restos dun torreón amortizado que se desenvolve cara á propia entrada leste. Documentouse un nivel de arrasamento entre os niveis 3 e 5. Este nivel queda definido por un fino estrato con restos de carbón que delata o nivel de arrasamento ó que se somete a zona. A partir de aí, existe unha gran reforma do espazo e xérase un novo punto de vixilancia máis ó NE do antigo en desuso, pero reutilizando, como parte do paramento,



Fig. 5. Detalle do achado das escaleiras de subida á segunda muralla antes e despois da restauración.

o parapeto que sustenta o corpo de garda na súa cara oeste. Así pois, a reforma contempla a construción do parapeto sobre a torre caída e outro muro de contención en sentido perpendicular que se apoia na muralla e no parapeto, e que está armado por unha escaleira que facilita o acceso á parte superior do torreón. A estrutura da escaleira componse dun relanzo e seis chanzos, que deixan paso a outros tres, esta vez compensados para virar cara ó propio torreón.



Fig. 6. Terceiro parapeto e segundo foso despois da limpeza e da restauración

Por último, despois do segundo foso do castro escavado na rocha (S3), atopamos o terceiro parapeto construído por encima dos afloramentos da parede do foso. Ten menor altura que o segundo parapeto. Neste caso repúxose o terceiro parapeto que fora escavado

e tamén se realizou a limpeza do foso e o reperfilado do sector escavado para documentar despois as estruturas arqueolóxicas nunha área de 6 x 2 metros.

Como complemento dos traballos de limpeza, reescavación, reperfilado, documentación e restauración das estruturas atopadas, instaláronse unhas barreiras de madeira no lado sur do segundo foso e na zona escavada do torreón para sinalizar os recintos e crear unha liña disuasoria de seguridade. Nestas barreiras colocouse, ademais, un sinal coa explicación das principais características que ten o sistema defensivo do castro de Viladonga.



Fig. 7. Sinal instalado na zona de intervención dos elementos defensivos.

### Traballos realizados no Espazo 14 ó interior da croa

A zona definida como Sector 14 é a que maior superficie abarca nesta intervención, cun total de 1.100 m<sup>2</sup>. A limpeza manual dos restos, a retirada de elementos de restauracións antigos e a reescavación foron traballos que tiveron que empregarse para determinar o estado exacto de conservación e ver ata que punto se esgotaran os niveis arqueolóxicos escavados nas actuacións dos anos 70.

Neste amplo sector dividimos a intervención en varios espazos para facilitar o rexistro. Os máis importantes de cara á descrición dos traballos realizados son o E50 (que se refire á gran casa alongada), o E89, que se corresponde co alxibe, e a nova vivenda circular, denominada E100.



Fig. 8. Sector 14. Espazos intervidos nesta derradeira campaña.

Ademais destes espazos principais, no interior da croa, no espazo 14, atopáronse restos de varias estruturas moi deterioradas e inconexas nalgúns puntos, a 84, 85, 86, 87, 88 e o espazo E104. A pesar dos labores intensos de limpeza e reescavación, que intentaron localizar algún resto que nos permitise un maior grao de restauración, a intervención nestas estruturas deixou claro que o espazo interior se atopaba sobre-escavado ata a rocha sen posibilidade de conseguir maior información arqueolóxica. Neste punto realizouse, co fin de comprobar este extremo, unha escavación de dúas sondaxes. Os resultados deixaron claro que as antigas exploracións neste sector da croa tiñan chegado ata o fondo da estratigrafía deixando unicamente a rocha sen escavar. De cara á restauración significa a necesidade dun maior fornecemento de recheo en todo o sector para corrixir a sobre-escavación.

### Espazo E89

No sector máis ó norte do AE1 as intervencións previas detectaron o que supoñíamos parte dunha vivenda circular que se atopaba baleirada só parcialmente. Os traballos desta nova intervención intentaban recuperar todo o sector interior da vivenda quedando o muro leste como límite do perfil que desta forma apoiaría no propio muro da estancia.



Fig. 9. Traballos de escavación na contorna do alxibe nos anos 80

A posibilidade de recuperar o muro para o perfil neste sector norte pretendía mellorar todo este corte do terreo de gran potencia. É sabido que os perfís en chafrán melloran a súa conservación ó favorecer a consistencia dun bordo máis compacto co existente nun ángulo recto tradicional. Esta conservación é ideal en terreos de recheo terroso creados con depósitos graduais e paulatinos que se fan compactos co tempo e presentan unha estratigrafía uniforme con escaso material construtivo, á marxe dalgunha cerámica ou tégula ocasional. É diferente por completo a deposición dun estrato composto e ocasionado por un derrube abrupto ou formado por material construtivo acumulado tras un derrube que deixa grandes ocos entre os seus compoñentes.



Fig. 10. As frechas indican a suposta vivenda por recuperar (que en realidade era o alxibe) e o mal estado que presentaba o perfil no sector leste do E14.

Neste caso, tras varios derrubos sucesivos do perfil, xa se asumiu que era necesario trasladar o perfilado á liña de muralla para que servise esta de "muro de contención" do propio recheo existente no paseo de rolda.

Non era difícil albiscar que a estrutura que estabamos a reescavar non se correspondía tipolóxicamente nin estruturalmente con ningunha outra construción existente en todo o castro, e que parte do perímetro do alxibe tiña caído tras a escavación previa dos anos 70. Unha vez que se terminaron os derrubos, conseguiuase delimitar a zona de actuación, esta vez de forma segura para a conservación dos propios restos e para o visitante. Á vez que se realizaban estes traballos de extracción, íase debuxando a planta do alxibe, aínda que é certo que sería moito máis adiante cando se aceptase esa realidade.

A cubeta do alxibe ten unhas dimensións máximas de 10 x 6 metros na parte superior, mentres que no vaso inferior escavado parcialmente na rocha a cubeta é máis estreita e ten unha anchura de solo 1,5 metros.

As unidades estratigráficas identificadas son grosas, fóra das identificadas nas zonas máis profundas do depósito. O feito de que ademais os estratos superiores estean compostos fundamentalmente de abundante material construtivo e cascallo, sen apenas terra vexetal e grandes ocos entre os seus compoñentes (que facilitaban derrubes), poñen de manifesto que se trata dunha deposición provocada por un esborrallamento rápido que se acumulou nun breve espazo de tempo no interior dun alxibe xa semi-colmatado e inactivo.

O estrato principal provén do esborrallamento do interior da muralla e alcanza entre 90 e 115 m<sup>3</sup> de material construtivo. Esta gran masa de cascallo e terra está composta dos niveis consecutivos. O seguinte estrato constitúe o material de derrube da E100, polo menos da súa última fase construtiva. Este estrato é moi compacto, e aínda que se depositou con certa celeridade, xa sexa polo material terroso existente ou pola presión exercida polos estratos superiores, ten un aspecto pouco arxiloso pero moi escuro, ó porvir do refugallo da lousa que o compón. Esténdese ó longo de 7 m e supera os 16,5 m<sup>3</sup> de volume.



Fig. 11. Vista dende o norte do proceso de escavación do alxibe

Inmediatamente debaixo deste estrato desenvólvese o nivel de derrube procedente do espazo E100. Este sedimento componse igualmente, e fundamentalmente, de material construtivo procedente do mesmo espazo, aglutinado cun resíduo de terra arxilosa de cor sienés intermedia. Esta capa é menos voluminosa, alcanzando apenas os 13 m<sup>3</sup>. Componse fundamentalmente de xisto e cuarcita sen apreciarse ningunha laxa de lousa, polo menos de maneira significativa.

A continuación desenvólvese un estrato de terra e cascallo procedente do propio alxibe no que se mesturan paramentos caídos de lousa procedente do lateral S e SE, con xistos e lousa dos muros de contención, ou lousa da cuberta do alxibe. Todo iso aglutinado con cascallo e sedimento arxiloso cunha cor marrón clara. Baixo este nivel aglutínanse de novo restos de material construtivo e terreo arxiloso, aínda que aquí se multiplican os restos orgánicos en comparación co nivel anterior, rexistrándose varios elemento óseos de fauna variada. O último nivel 9 escavado na parte sur, componse do nivel de uso e abandono de escasa entidade e pouco material ergolóxico. A escavación dos niveis inferiores só se



---

realizou na metade sur do depósito, ata chegar á rocha de base. O resto quedou para unha futura intervención cunhas condicións meteorolóxicas máis favorables.

A profundidade máxima do alxibe alcanza os 4 metros contados desde a cota do chan orixinal. As dimensións da cazoleta escavada na rocha supera os 14,60 m<sup>2</sup>, e preto de dous metros de profundidade, mentres que na zona superior, onde os muros se constrúen recuados da vertical, chéganse a superar os 58 m<sup>2</sup> de superficie. Os muros de contención de fábrica superan os dous metros de grosor en zonas de reforzo.

Cabe destacar na zona NE unha plataforma de acceso en forma de escaleira e rampla onde se conservan varios banzos semiderruídos sobre un muro de servizo, que crea unha plataforma de 1,20 m<sup>2</sup> de ancho para mantemento do propio alxibe.



Fig. 12. Vista xeral do alxibe e da estancia E100 ó remate da intervención

Igualmente convén sinalar as dificultades de interpretación ocasionadas polo desmonte de muros e cimentos que se realizaron en anteriores intervencións. O gran seixo de cimentación localizado e desprazado no interior do alxibe escavado nos 80 arrastraría con toda probabilidade, no seu movemento, todo o pano do muro de contención do depósito. Ó perderse a súa disposición arquitectónica, foron extraídos estes cachotes deixando o propio seixo descontextualizado e o propio muro descalzo, conservando unicamente o paramento exterior, ademais dun oco de falso paso que non debuxa entrada ningunha ó recinto pero axuda a crear maior confusión na lectura do conxunto. Sobre os dous metros de depósito escavado na rocha desenvólvense catro metros de muralla, construídos sobre o lateral leste do depósito.

### Intervención en E100

Durante os traballos de desentullo e limpeza na E89, apareceron os restos dunha estrutura circular de 4,70 m de diámetro. A potencia máxima conservada supera 1,20 m de altura. No seu interior, tras os niveis superficiais 1 e 2, desenvólvense o maior estrato, de 60 cm de grosor, composto de material construtivo na súa maioría e terra semicompactada de cor marrón e sienés, cun compoñente arxiloso que alberga a maioría do material recollido.



Fig. 13. Estrutura E100 durante o proceso de escavación. Vese a súa estratigrafía interior

A factura da fábrica é de gran calidade aproveitando unha veta de lousa homoxénea que presenta unha cara vista angulosa e lisa. Esta construción corresponde á última fase da edificación, xa que se documentou outra anterior totalmente achaiada ata o nivel de cimentación, que xa foi amortizada no seu momento. Previamente a estas dúas fases construtivas existe aínda outra anterior, da que quedan escasos restos por tratarse dunha estrutura vexetal. Os restos de laxes fincadas nas gabias de cimentación da cabana delatan a súa presenza, debuxando unha planta excéntrica en relación ás outras.

A zona norte exterior da vivenda circular (Espazo E100A), comparte, nos niveis superiores, unidades sedimentarias de colmatación dos derrubes máis recentes co alxibe, aínda que segundo escavamos puidemos documentar os sedimentos asociados ó abandono da vivenda inferior, que foi reaproveitada para a construción final, que é a que escavamos nesta intervención.

Por baixo destas capas de sedimentacións e derrubes atopamos os restos dun nivel asociado a unha gabia que conservaba os calzos de pedras fincadas para suxeitar os elementos vexetais dunha cabana anterior. A morfoloxía da gabia é case paralela á da cabana e contén materiais diferentes, de tipoloxía exclusivamente castrexa asociados a algúns elementos de bronce. Esta fase máis antiga sería contemporánea da documentada baixo os niveis da cabana do Espazo 50, que reflicten tamén a existencia dun nivel de estruturas vexetais.



Fig. 14. Vista dos restos dos calzos da cabana vexetal ó exterior da construción circular

---

Na zona oeste da E100 (espazo 100B), documentáronse os restos dun empedrado que constitúe o último chan de ocupación ou nivel de habitación antes do abandono do poboado. O pavimento atópase moi danado e presenta un estado de conservación pésimo xa que en anteriores escavacións non foi identificado como tal e foi sobreescavado.

O empedrado recuperado discorre cara á entrada en paralelo á muralla, superando os 15 m, e sinalando con claridade a existencia, aínda que hoxe perdida, dun nivel de pavimentación na zona que probablemente se estendese por outras zonas do xacemento. O empedrado está formado por cascallo e laxa de pequeno tamaño ou calquera tipo de material construtivo que fose susceptible de ser utilizado para a súa manufactura. O chan é descoidado e non busca o recheo total de espazos nin a cota nivelada de cada laxa en relación a outra, se non que busca a funcionalidade. Fíncanse na terra tanto pedras como restos de téglulas, aínda que se exclúan nalgúns casos como compoñente habitual dos empedrados. Precisamente a existencia das téglulas entre os compoñentes do chan, poñía en dúbida unha vez máis a identificación como tal, e asociábase a un simple nivel de derrube, polo que houbo que esperar a que avanzase a escavación cara á sur para certificar o recoñecemento do pavimento como tal, xa que a 2,40 m da zona apareceu o vestixio dun muro asociado a unha vivenda tamén sobreescavada da que quedaban algúns elementos da cimentación.

É preciso sinalar que o propio muro, unha vez amortizado e derruído, foi reaproveitado como parte do empedrado, o que confirma a idea de que se trata dunha obra pouco coidada. Ademais do muro, que xa non se podía identificar con derrubes aleatorios de laxes e téglulas, apareceu un elemento definitivo que ía avalar o recoñecemento de que a estrutura era un empedrado. Este elemento é o caxeamento cuadrangular con lousas para acuñar un pé dereito de madeira, hoxe perdido, que seguramente estaría asociado á vivenda existente ó sur da E100.

O chan segue discorrendo cara á zona da entrada, aínda que se vai perdendo a uns 10 m da E100, pero recupérase de novo na zona máis próxima ó acceso á croa.



Fig. 15. Zona do perfil leste onde se rexistrou un gran empedrado que continúa cara á zona da porta. Á dereita o empedrado e os restos dun muro amortizados incluído un burato de poste.

### Intervención en E50

O obxectivo principal da intervención no proxecto de actuación neste sector era analizar desde un punto de vista arqueolóxico e construtivo a planta da estancia E50. En relación ó estado previo da estrutura, temos que dicir que o grao de restauración e o recrecemento nalgúns tramos é tan esaxerado que confunde e distrae a atención sobre un orixinal apenas perceptible nalgún treito. Ademais, o trazado sinuoso e empenado dos restos orixinais das posibles estruturas que xacen baixo os muros restaurados, endereitáronse nunha restauración que en nada se parece ó orixinal en trazado, en factura ou fábrica.

Aínda así, retirouse o superficial para observar nalgún sector as acumulacións de gravas, plásticos, tubos e xeotéxtil que delataban, efectivamente, que os depósitos existentes non ían superar a decena de anos.

Tras a eliminación do material sobrante iniciouse a escavación manual, raspando toda a superficie, xa que era a única maneira de poder localizar algún mínimo resto de nivel de habitación que se deixara trala escavación arqueolóxica e que dera por amortizados os estratos existentes. Baixo esta capa debuxáronse os restos de varias estruturas feitas en material perecedoiro. A máis importante era a planta dunha cabana cun oco de poste central que se compón dunha gabia perimetral que se escava no terreo para aloxar os postes onde trabar as estruturas horizontais. Fóra dela debúxanse diversos aliñamentos de gabias

independentes entre si pero asociados a unha principal, que se perde baixo o muro leste de E50 e que non se pode seguir do outro lado xa que non temos xa o nivel de ocupación no exterior. A cabana circular ten 4,2 metros de diámetro e posúe un burato central para o poste e a suxeición do teitado vexetal. Esta cabana atópase asociada a unha serie de estruturas que reflicten o uso intenso deste espazo nesta fase máis antiga de ocupación, como aliñamentos de pedras e buratos de poste de diversa forma e entidade. Os materiais atopados no recheo son pouco significativos e aparecen mesturados.



Fig. 16. Vista xeral e detalles das estruturas atopadas por baixo da estrutura E50 pertencentes a unha fase máis antiga

Este tipo de estruturas documentáronse tamén nesta campaña do ano 2018 no espazo E100A e forman parte, presuntamente, do primeiro nivel de ocupación existente no xacemento. Este nivel xa era coñecido e xa fora rexistrado puntualmente noutras campañas de escavación nos anos 80 aínda que só é visible nalgúns puntos do xacemento. De feito existen unhas datas de C<sup>14</sup> que aparecen na bibliografía referente ó castro, elaborada polo investigador Felipe Arias<sup>2</sup>.

Os datos estratigráficos rexistrados durante a nova campaña permitiron coñecer algo mellor esta fase de ocupación máis antiga que se documenta puntualmente no castro de Viladonga. Na zona da vivenda circular (E100), rexistráronse tamén outros dous niveis de construción superpostos e que se se confirman na súa zona exterior, xa que o empedrado construíuse sobre un muro amortizado que queda por baixo, e que é testemuña dunha fase previa non sabemos si en relación coas cabanas vexetais ou se se trata doutra fase intermedia.

Paralelos a estas ocupacións sucesivas, existen tamén elementos nos sistemas defensivos que falan dunha reestruturación destas defensas nun momento que polo de agora non podemos precisar, pero que sen dubida ten que corresponder coas fases de reformas que se atopan nas zonas de habitación do poboado.

<sup>2</sup> Arias Vilas, F; Fábregas Valcárce, R: "Datacións radiocarbónicas do castro de Viladonga. Lugo", *Gallaecia*, nº 22, 2003.

<i>Referencia</i>	<i>Material</i>	<i>Resultado</i>	<i>Data calibrada (2σ)</i>
CSIC-896	Ósos	2190 ±60 BP	394 - 53 AC
CSIC-861	Carbón	2040 ±50 BP	196 AC - 71 AD
CSIC-862	Carbón	2040 ±60 BP	199 AC - 80 AD
CSIC-938	Carbón	2040 ±25 BP	109 AC - 45 AD
Comb.CSIC-938/862		2039 ±23 BP	105 AC - 22 AD

Táboa 1. Táboa de datacións. (Arias Vilas, F; Fábregas Valcarce, R: "Datacións radiocarbónicas do castro de Viladonga, Lugo", *Gallaecia*, nº 22, 2003).



Fig. 18. Vista xeral do sector exterior da croa, murallas, parapetos e fosos.

En liña coa existencia doutras fases, e aínda que nesta campaña do ano 2018 se atoparon poucos restos materiais, temos localizado baixo a vivenda E100 un grupo de restos cerámicos que se corresponden cun conxunto de pezas castrexas de peor factura, asociados ás gabias exteriores que se atopan por baixo das estruturas e que poderían caracterizar esta fase inicial máis antiga.



Fig. 17. Vista da vivenda 91-92-93, onde se rexistraron as mostras de carbóns analizadas.

Respecto ós achados de materiais atopados nesta campaña, hai que destacar unicamente o achado de dous conxuntos de moedas tardías no interior da estrutura 100, a vivenda circular, aínda que nas capas de derrube. Son un total de nove moedas de bronce en moi mal estado de conservación. Só catro das nove permitiron o estudo numismático, que as sitúa entre principios/mediados do século IV d.C.

Despois da reescavación, o rexistro e a documentación arqueolóxica das estruturas, procedeuse á súa restauración e finalmente a unha derradeira fase de acondicionamento dos espazos, incluíndo o paso superior da muralla e o recheo das zonas sobreescavadas.

A restauración realizada foi a prevista en canto ós muros e restos de construcións existentes nas zonas de actuación. A maiores interveuse na zona da muralla descuberta sobre o alxibe, onde era necesario estabilizar a zona superior do paseo de rolda para soportar a gran masa de rebo e terra que compón o núcleo da muralla. A muralla consolidouse como

o resto das estruturas con morteiros hidrófugos, e separando o engadido do orixinal con seixos de pequeno tamaño. Outra nova estrutura para restaurar localizouse nun dos perfís da zona do antecastro onde había que deixar visitable unha zona do corpo de garda. Aquí recuperouse un gran paramento con escaleira de acceso a través de 10 chanzos de desenvolvemento vertical cara á dereita para comunicar a zona de abaixo cunha gran torre ou estrutura superior que controlaría esa zona de acceso na porta NE. Os parapetos e recheos de muros realizáronse con terra da zona sobre pedra de lousa, colocada en seco, para suxeitar a estrutura.




Fig. 19. A estrela vermella indica o lugar onde se atopou a mostra VD.16.E80D. A cor máis clara representa a fase construtiva máis antiga a 80II

En relación ós niveis de ocupación do xacemento nos sectores escavados nestas tres derradeiras campañas, só podemos falar con maior precisión dos sectores onde escavamos *ex novo* e onde se conservaba parte da estratigrafía dos restos do poboado. Os datos construtivos xerais do poboado apuntan á existencia de dúas ocupacións principais.

Das mostras recollidas seleccionamos as máis apropiadas (pola súa localización e cantidade de mostra) e enviáronse ó Grupo de Investigación de Arqueobiología, Instituto de Historia (IH) do Centro de Ciencias Humanas y Sociales (CCHS) do CSIC, de Madrid. Un dos obxectivos era atopar algún

elemento arqueobotánico (como sementes) nas terras das mostras para propoer realizar as datacións sobre elementos de vida curta. O problema foi que a identificación carpolóxica non atopou ningún elemento destas características para a datación polo que se analizaron diferentes tipos de mostras dependendo dos anos. No ano 2016 analizouse unha ramiña de *Quercus* de poucos anos para evitar as alteracións do uso da madeira vella. Esta mostra foi enviada ó Poznan Radiocarbon Laboratory, en Polonia.

#### VD.16.E80D R\_Date (2150 ± 30)

68.2% probability	95.4% probability
350BC (22.3%) 311BC	356BC (30.2%) 286BC
209BC (38.9%) 158BC	235BC (64.3%) 91BC
133BC (7.0%) 117BC	71BC (1.0%) 61BC

Táboa 2. Resultados da datación C<sup>14</sup> da mostra enviada no ano 2016 do castro de Viladonga

A mostra recollida, VD.16.E80D (no barrio ou sector 13), asóciase a unha das vivendas que se asenta sobre certas estruturas desmanteladas previamente á construción, polo que este sedimento vai asociado a unha fase de construción previa (E80-II), aínda que temos que dicir que non tiñamos os niveis superiores da estratigrafía xa que estes xa foran escavados previamente.

Na campaña seguinte, do ano 2017, datáronse tres mostras que se correspondían con carbóns atopados no nivel do último uso/abandono da vivenda 91-92-93, e tamén carbóns do fogar da vivenda 96 que se corresponderían co derradeiro uso do fogar. Non se puido atopar outro tipo de resto para facer analíticas. Neste caso as mostras foron remitidas ó laboratorio de Beta Analytics en Miami, e ofreceron o seguinte resultado:


O intervalo de tempo que ofreceron as análises dos carbóns da vivenda 96 oscila entre inicios do século I a.C e primeiro cuarto do século I d.C., mentres que as dúas mostras das estancias da casa 91-92-93, que son case iguais, ofrecen unha data entre o século II a.C. e finais do século I a.C.

BetaCal 3.21  
**Calibration of Radiocarbon Age to Calendar Years**  
 (High Probability Density Range Method (HPD): INTCAL13)

(Variables:  $\delta^{13}C = -25.8$  o/oo)  
**Laboratory number** Beta-497739  
**Conventional radiocarbon age** 2080  $\pm$  30 BP

95.4% probability  
 (94.5%) 191 - 38 cal BC (2140 - 1987 cal BP)  
 (0.9%) 9 - 3 cal BC (1958 - 1952 cal BP)

68.2% probability  
 (51.9%) 116 - 51 cal BC (2065 - 2000 cal BP)  
 (16.3%) 157 - 134 cal BC (2106 - 2093 cal BP)



**Database used**  
 INTCAL13

**References**  
**References to Probability Method**  
 Stuiver, H., & Reimer, P. (2006). Bayesian analysis of radiocarbon dates. *Radiocarbon*, 51(1), 337-360.  
**References to Database INTCAL13**  
 Reimer, et al., 2013. *Radiocarbon*(55.4).


**Beta Analytic Radiocarbon Dating Laboratory**  
 4965 S.W. 74th Court, Miami, Florida 33155 • Tel: (305)967-0167 • Fax: (305)963-0964 • Email: beta@radiocarbon.com

BetaCal 3.21  
**Calibration of Radiocarbon Age to Calendar Years**  
 (High Probability Density Range Method (HPD): INTCAL13)

(Variables:  $\delta^{13}C = -27.3$  o/oo)  
**Laboratory number** Beta-497740  
**Conventional radiocarbon age** 2190  $\pm$  30 BP

95.4% probability  
 (95.4%) 198 - 47 cal BC (2147 - 1996 cal BP)

68.2% probability  
 (51.5%) 170 - 91 cal BC (2119 - 2040 cal BP)  
 (6.7%) 71 - 61 cal BC (2020 - 2010 cal BP)



**Database used**  
 INTCAL13

**References**  
**References to Probability Method**  
 Stuiver, H., & Reimer, P. (2006). Bayesian analysis of radiocarbon dates. *Radiocarbon*, 51(1), 337-360.  
**References to Database INTCAL13**  
 Reimer, et al., 2013. *Radiocarbon*(55.4).


**Beta Analytic Radiocarbon Dating Laboratory**  
 4965 S.W. 74th Court, Miami, Florida 33155 • Tel: (305)967-0167 • Fax: (305)963-0964 • Email: beta@radiocarbon.com

BetaCal 3.21  
**Calibration of Radiocarbon Age to Calendar Years**  
 (High Probability Density Range Method (HPD): INTCAL13)

(Variables:  $\delta^{13}C = -24.4$  o/oo)  
**Laboratory number** Beta-497741  
**Conventional radiocarbon age** 2020  $\pm$  30 BP

95.4% probability  
 (95.4%) 107 cal BC - 58 cal AD (2056 - 1882 cal BP)

68.2% probability  
 (68.2%) 50 cal BC - 22 cal AD (1989 - 1928 cal BP)



**Database used**  
 INTCAL13

**References**  
**References to Probability Method**  
 Stuiver, H., & Reimer, P. (2006). Bayesian analysis of radiocarbon dates. *Radiocarbon*, 51(1), 337-360.  
**References to Database INTCAL13**  
 Reimer, et al., 2013. *Radiocarbon*(55.4).

**Beta Analytic Radiocarbon Dating Laboratory**  
 4965 S.W. 74th Court, Miami, Florida 33155 • Tel: (305)967-0167 • Fax: (305)963-0964 • Email: beta@radiocarbon.com



Fig. 20. Na fotografía móstrase cun punto amarelo o lugar onde se recolleron as mostras asociadas ós carbóns depositados sobre o chan e asociados ó derradeiro momento de ocupación da vivenda. As gráficas correspóndense cos datos das tres datacións.

O feito de que estas vivendas non foran reocupadas e quedaran abandonadas despois destas datas da última ocupación/abandono, suscita numerosos interrogantes acerca da derradeira fase de ocupación do poboado, que se asocia a materiais do século III-IV d.C.

Ademais destas últimas datas e as publicadas, contamos tamén coas datacións obtidas na campaña do ano 1996 que se xuntaron á Memoria dese ano e que se obtiveron na escavación da zona exterior da croa, no antecastro, a partir de carbóns. Foron analizadas no Laboratorio de Geocronoloxía do CSIC en Madrid:

CSIC-1321. VD.2.96.9B (2165 ± 26). Mostra do nivel inferior das construcións do antecastro

356BC - 104 BC

CSIC: 1220. VD.2.96.12 (1521 ± 34). Mostra do nivel de abandono do camiño de entrada

448 AC - 623 AC

Nun futuro próximo e analizadas tamén as mostras desta campaña que aínda non se coñecen, ten que valorarse a súa calibración e a posibilidade dun estudo máis en profundidade do xacemento, no referente ás súas posibilidades de datacións absolutas xa que existen novas técnicas de análise que poderían incluso valorar elementos orgánicos moito máis concretos como os poles.

En definitiva non temos que esquecer que o máis importante destas datas é que coñecemos o seu contexto e só en relación con el teñen valor. Trátase tamén de priorizar a coherencia estratigráfica das mostras e das datacións, o que implica coñecer a súa relación con estruturas e con niveis e materiais asociados.

## Bibliografía

ARIAS VILAS, F. (1979): *Castro de Viladonga*, (folleto Min. Cultura).

ARIAS VILAS, F. (1983): "Novos materiais arqueolóxicos do Castro de Viladonga no Museo de

Lugo", *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, I, 1983, p. 203-208.

ARIAS VILAS, F. (1985): *Castro de Viladonga. Campaña 1983*, Arqueoloxía/Memorias 2, Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Cultura, Xunta de Galicia.

ARIAS VILAS, F. (1990): *Museo del Castro de Viladonga. Castro de Rei-Lugo*, Madrid: Ministerio de Cultura.

ARIAS VILAS, F.: (1990-91) "Achado dunha conteira no Castro de Viladonga (Lugo)", *Boletín Auriense*, XX-XXI, 1990-91. p.105-117.

ARIAS VILAS, F. (1992a): *A Romanización de Galicia*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, Historia de Galicia, 4.

ARIAS VILAS, F. (1992b): "O proxecto de ampliación do Museo do Castro de Viladonga (Lugo)", *Coloquios galegos de Museos*, Ourense-Vigo.

ARIAS VILAS, F. (1993): "Apuntes sobre a ocupación do territorio na Galicia baixorromana: Castros e Vilas", *Galicia da Romanidade á Xermanización. Problemas históricos e culturais*, Santiago de Compostela.

ARIAS VILAS, F. (1995): "Chamoso Lamas e a Arqueoloxía lucense: unha revisión", *Lugo no Obxectivo de Manuel Chamoso Lamas*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo.

ARIAS VILAS, F. (1996): "Materiales del Mediterráneo Oriental en el Castro de Viladonga (Lugo)", *Actas del Congreso "La Hispania de Teodosio*, Madrid – Segovia.

ARIAS VILAS, F. (1997a): "A cultura material galaico-romana", *Galicia Terra Única. I. Galicia Castrexa e Romana*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 218-229.

ARIAS VILAS, F. (1997b): "El Castro de Viladonga y su Museo monográfico", *Restauración y Rehabilitación*, Madrid, pp. 56-64.

ARIAS VILAS, F. (1997): "Os museos de sitio arqueolóxico: un intento de revisión crítica", *El Museo de Pontevedra*, LI, pp. 293-322.



- 
- ARIAS VILAS, F. (1998): "Sitios musealizados y museos de sitio: notas sobre dos modos de utilización del Patrimonio Arqueológico"; *Museo (Revista A.P.M.E., Madrid)*, nº 4, pp. 39-57.
- ARIAS VILAS, F.; DURÁN FUENTES, M<sup>a</sup>. C. (1996): *Museo do Castro de Viladonga. Castro de Rei-Lugo*, Santiago de Compostela: Consellería de Cultura e Comunicación Social, Xunta de Galicia.
- BONET ROSADO, HELENA; SORIA COMBADIERA, LUCÍA; VIVES-FERRÁNDEZ SÁNCHEZ, JAIME (2011): *La Bastida de les Alcusses*, València: Museu de Prehistòria de València.
- CAAMAÑO GESTO, J.M.; LÓPEZ RODRÍGUEZ, J.R. (1984): "Sigillatas del Castro de Viladonga", *Gallaecia*, nº 7-8, 1984, pp. 138-178.
- CHAMOSO LAMAS, M. (1977): "Las excavaciones del Castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados"; *Actas del Coloquio Internacional Sobre el Bimilenario de Lugo*, Lugo: Patronato del Bimilenario de Lugo, pp. 41-46.
- COSTAS GOBERNA, F.J.; HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1997): *Los Juegos de Tablero en Galicia*, Vigo: CeltiCar.
- DORREGO MARTÍNEZ, F.; RUBIERO DA PENA, A.M<sup>a</sup> (1998): "Consideracións sobre os temas decorativos na cerámica castrexa de Viladonga"; *Croa*, nº 8, pp. 21-28.
- DORREGO MARTÍNEZ, F.; RUBIERO DA PENA, A. M<sup>a</sup> (2001): "Apuntes acerca das asas na cerámica castrexa de Viladonga"; *Croa*, nº 11, pp. 25-28.
- DURÁN FUENTES, M<sup>a</sup>.C. (2009): *Catálogo de las monedas del Castro de Viladonga*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- DURÁN FUENTES, M<sup>a</sup>.C.; FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, P.; VILA MARTÍNEZ, M. (1992): "Grafitos na cerámica do Castro de Viladonga (Lugo)"; F. Acuña Castroviejo (Coord.): *Finis Terrae*, Estudios en Lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 315-332.
- DURÁN FUENTES, M<sup>a</sup>.C. (1994): "Algúns útiles de bronce no Castro de Viladonga"; *Croa*, 4, pp. 14-15.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (2002): "Análisis de los restos faunísticos recuperados en el Castro de Viladonga (Castro de Rei Lugo)"; *Croa*, 12, pp.7-14.
- LAGE PILLADO, M. (2001): "Fíbulas anulares romanas del Castro de Viladonga"; *Croa*, 11, pp. 29-34.
- LÓPEZ GONZÁLEZ, L. F., *Puesta en valor de Castromaior para fomento del turismo cultural en el Camino de Santiago (Portomarín, Lugo)*, Actuaciones Arqueológicas Año 2006 y 2007, Xunta de Galicia.
- LÓPEZ MARCOS, M. A.; LÓPEZ GONZÁLEZ, L. F.; ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Y. (2005): "La recuperación de un yacimiento: El castro de Chano (Peranzanes, León)"; *Puesta en valor del patrimonio arqueológico en Castilla y León*, Junta de Castilla y León, Salamanca, pp. 115-124.
- LÓPEZ MARCOS. M. A. (2014): "Criterios de conservación en la musealización de yacimientos arqueológicos"; *Pátina*, 17-18, pp. 353-368.
- LÓPEZ MARCOS M. A. and others (2015): "Die Wiedererrichtung der groben statuen. Der temple der millionen von Jahren des Amenophis III"; *Antike Welt* 2.15.2015.
- LÓPEZ GÓMEZ, F. Senén (1979): "O folklore do castro de Viladonga e da súa bisbarra"; *Actas XV C.A.N. (Lugo 1977)*, Zaragoza, pp. 623-630.
- LLANA RODRÍGUEZ, C.; VARELA ARIAS, E. (1999): "Una aproximación a las actividades realizadas en la zona oriental del Barrio Norte del Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)"; *Croa*, 9, 1999, pp. 14-29.
- MARTÍNEZ CANTELÁN, J. R. (1981): *Estratigrafía y estructura del Domo de Lugo (sector Oeste de la zona Asturoccidental-leonesa)*, Universidad de Salamanca.
- MARTÍNEZ CORTIZAS, A.; RAMIL REGO, P. et alii (1992): "Estudio edafológico y paleobotánico realizado en el Castro de Viladonga (Castro de Rei,

Lugo). Campaña 1990"; *II Reunión Nacional de Geoarqueología*, Madrid, 1992.

MUÑOZ VIÑAS, S. (2003): *Teoría Contemporánea de la Restauración*, Madrid: Síntesis.

ZUUREN, A. (1969): "Structural petrology of an area near Santiago de Compostela (NW, Spain)", *Leidse Geol. Med.*, 45, pp. 1-71.

Ademais destes textos existen Informes e Memorias dos traballos realizados anualmente remitidas ós organismos administrativos correspondentes do Ministerio de Cultura e da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.